

Por resolución do Concelleiro delegado especial de Deportes de data 22/07/2024, adoptouse o seguinte acordo:

“Examinouse o informe proposta elaborado polo Negociado de Deportes con data 22/07/2024 e que literalmente di:

“INFORME-PROPOSTA

ANTECEDENTES:

O 02/08/2024 publicáronse as Bases da convocatoria para o outorgamento de autorización para a utilización das instalacións deportivas e pistas escolares no Concello de Ferrol para a tempada 2022-2025 – BOP núm. 145.

Con rexistro núm. 2022047347 do 31/08/2022 o Club Marina Ferrol interpón recurso potestativo de reposición contra as anteditas bases.

Mediante resolución do concelleiro delegado da Área de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas de data 29/09/2022 desestímase o dito recurso, en todas as alegacións recollidas no mesmo salvo a alegación correspondente á carencia de previsión algunha nas bases ante un suposto de perda sobrevida da dispoñibilidade de lámina de auga en instalación allea ao Concello que se tivera en conta para a execución de ditas bases así como no suposto de que a entidade á que se lle computou a dispoñibilidade de lámina de auga externa á instalación municipal a perdesse por causa sobrevida durante o período obxecto de reparto, que implicará que o dito reparto se calculará coa representatividade que corresponde a dita entidade sen minoración algunha das horas resultantes. O reparto baixo este criterio desenvolverase polos cauces ordinarios recollidos nas propias bases.

Con data 29/09/2022 aprobouse por decreto do concelleiro delegado de Cultura Educación, Universidade, Deportes e Festas a representatividade dos clubs de natación e triatlón, que determinará o número de horas que cada un deles poderá solicitar na Piscina municipal de Caranza.

O Club Marina Ferrol interpón recurso contencioso-administrativo contra a Resolución do Concello de Ferrol de 29/09/2022 pola que se estima parcialmente o recurso de reposición presentado polo dito club contra as Bases da convocatoria para o outorgamento de autorizacións para a utilización das instalacións deportivas e pistas escolares no Concello de Ferrol para a temporada 2022-2025

O Xulgado do Contencioso-administrativo núm. 1 de Ferrol, emite a sentenza 00076/2024 con data 27/05/2024 na que se desestima íntegramente o recurso contencioso-administrativo interposto polo Club Marina Ferrol, declarándose a firmeza da antedita sentenza con data do 26/06/2024 por ter transcurrido o prazo legamente previsto sen que polas partes se interpuxera recurso algún.

Unha vez declarada a sentenza firme no recurso contencioso-administrativo interposto polo Club Marina Ferrol procédese a dar continuidade ao procedemento administrativo para o outorgamento de autorizacións para a utilización das instalacións deportivas e pistas escolares no Concello de Ferrol (Piscina de Caranza), segundo as bases que regulan o procedemento.



Ditas bases, partindo dunha exposición básica común para a utilización en xeral das instalacións, vense a articular en dous procedementos distintos (base 6.1. e base 6.2.), o primeiro deles, en relación ás pistas polideportivas e escolares, e o segundo deles, en relación aos usos da piscina municipal de Caranza, de xeito que determinadas cuestións de procedemento son aplicables soamente a unha tipoloxía de instalacións.

Unha vez concluída a valoración técnica da documentación presentada en relación aos usos da piscina municipal de Caranza con data 30/09/2022 procedese a publicación no Taboleiro de anuncios da representatividade dos clubs de natación e triatlón que determinará o número de horas que cada un deles poderá solicitar na Piscina Municipal de Caranza.

Tal e como recolle o punto 6º das anteditas bases da convocatoria, *“O dito anuncio abrirá un período de alegacións á lista provisional de 10 días hábiles, durante os cales calquera interesado poderá alegar canto estime oportuno na defensa dos seus intereses”*

Neste contexto, e unha vez concluído o prazo de alegacións (17/10/2022) e resolto o recurso contencioso administrativo interposto polo Club Marina Ferrol a Coordinadora de actividades deportivas do Concello de Ferrol emite con data 19/07/2024 o seguinte informe:

“(…)A estes efectos constan as seguintes alegacións para as cales se solicita informe de algunhas cuestións a esta coordinadora:

I.- **O CLUB MARINA FERROL** con Escrito RE nº 2022055984 do 17/10/2022 pon de manifesto as súas alegacións o cálculo da representatividade de cada un dos clubs de natación para a Piscina Municipal de Caranza.

Neste informe trataranse as correspondentes alegacións efectuadas pola entidade e que non foron resoltas na sentenza nº procedemento 0000233/2022 do Xdo. contencioso administrativo nº 1.

I.I.- PROCESO DE RECUPERACIÓN DE RÚAS COMPENSADAS.

Con registro nº 2022047347 do 31/08/2022 o Club Marina Ferrol interpón recurso potestativo de reposición contra as bases da convocatoria para o outorgamento de autorizacións para a utilización das instalacións deportivas e pistas escolares no Concello de Ferrol para a tempada 2022-2025. posteriormente, por resolución do Concelleiro delegado da área de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas, de data 29/09/2022 adoptouse o seguinte acordo:

“(…) SEGUNDO.- No suposto de que a entidade á que se lle computou a dispoñibilidade de lámina de auga externa á instalación municipal a perdesse por causa sobrevida durante o período obxecto de reparto, implicará que dito reparto calcularase coa representatividade que corresponde a dita entidade sen minoración algunha das horas resultantes. O reparto baixo este criterio desenvolverase polos cauces ordinarios recollidos nas propias bases(…)”

En base o exposto e co fin de minorizar os posibles problemas entre entidades no suposto de que isto sucedese, no momento do reparto das horas calcularase da seguinte maneira:

1. Reparto pola totalidade de horas por entidade sen aplicación do desconto por contar con lámina de auga fóra da Piscina Municipal de Caranza a ningunha delas se fora o caso .
2. Determinación das horas a descontar as correspondentes entidades se fora o caso,
3. Reparto das horas de dispoñibilidade de lamina de auga fora da piscina Municipal de Caranza entra as entidades que non teñen dispoñibilidade.

Isto permitirán tanto as entidades as que se lle descontan como o resto das entidades que se verán beneficiadas co incremento de horas, coñecer cales serían as afectadas en caso de perda sobrevida.

I.2.- En relación o argumentado polo Club Marina Ferrol relativo a NON ACREDITACIÓN DE ALUMNOS/AS DA ESCOLA :



1.- Con re nº 45559 de 17/08/2022 o Club Natación presenta a documentación relativa a solicitude de concorrencia no procedemento. Entre a documentación presentada, aporta certificado de alumnos con un total de 156 alumnos/as.

2.- Con rexistro de saída 24546 de 23/08/2022 requírese a entidade que **subsane** entre outras a información do citado certificado.

3.- Con re nº 46909 de 29/08/2022 a entidade presenta o certificado xunto co resto de documentación da solicitude. O certificado recolle 186 alumnos/as.

A existencia de dous certificado debese o feito de que o Club Natación Ferrol efectuou unha subsanción de documentación solicitada polo Concello.

4.- Considerase suficientemente explicado na parte expositiva da resolución na que se publica a representatividade de cada club, o cotexo do certificado co resumo dos recibos aportados pola entidade, identificando e resaltando as incongruencias entre ambos documentos.

5.- Considerase que o listaxe de alumnos/as aportado polo Club Natación, serve para acreditar os usuarios/as. Recolle a denominación do curso o que acuden, ano de nacemento dos participantes. O documento é unha exportación efectuada do resumo de emisión da remesa a data de 31/01/2022 (aporta número de recibo), todos eles datos solicitados no escrito de requirimento de subsanación de documentación.

Polo tanto a documentación presentada axústase o exihibible sin que en ningún momento do requirimento de subsanación se indicase que a documentación a presentar requirida para a subsanación adoptase a forma ou tipicidade interpretada polo Club Marina Ferrol no seu escrito.

I.3.- NON DESCONTO O TRIATLON FERROL DAS RÚAS NA PISCINA DA MALATA.

A entidade Club Marina Ferrol afirma que o Club Tríatlon Ferrol ten un convenio coa empresa Be one e aporta documentación gráfica o respecto.

En base o exposto, informase que:

Tal como se desprende das fotos, éstas pertencen a un evento do ano 2018. Pódense observar diferentes carteis fotografados e relativos os méritos da deportista do Tríatlon Ferrol. Lembremos que o abeiro da convocatoria, valórase a situación no ano 2022.

Das anteditas fotos, considerase que non se pode concluír que exista un convenio da empresa BE One co Club Tríatlon Ferrol. Descoñecese si existía un patrocinio persoal a ex triatleta posto que o evento é unha homenaxe a ela, e este extremo non é obxecto do presente informe.

I.6.- DETERMINACIÓN DE ALUMNOS/AS DA ESCOLA QUE TEÑEN PARTICIPADO EN COMPETICIÓNS. O Club Marina Ferrol alega que poden existir duplicidades no reconto de alumnos de escola e que poder estar recollidos tanto no certificado de alumnos/as de escola como no certificado da FEGAN, posto que tal e como a entidade pon de manifesto, consta que participasen na copa promesas celebrada en na Piscina de Frigsa (Lugo) .-

Unha vez punteada como mostra a documentación aportada polo C Marina Ferrol relativa a inscrición na antedita competición co listado de alumnos da escola aportado polo CN Ferrol (RE nº 2022046909 de 29/08/2022) comprobase que non existen duplicidades entre os alumnos acreditados como membros da escola e as inscricións.

En todo caso, analizados os exemplos aportados polo C Marina Ferrol, vemos que non existe tal duplicidade, a modo de exemplo:

- Ficha FEGAN 001182373 corresponde a un nadador inscrito a copa promesas. Éste deportista non atópase no listado de escolas. É a súa irmá a que figura en dito listado asociada a usuario E3123.

II.- O CLUB NATACIÓN FERROL con Escrito RE nº 2022055699 do 14/10/2022 pon de manifesto:

II.1.- INCUMPRIMENTO DAS BASES

Que de acordo co informe de licenzas publicado pola Federación Galega de Natación (FEGAN) que se

achega como **documento número 1**, o número de licenzas que se emprega para o cómputo das persoas de Escola Deportiva do CM Ferrol se corresponde co mes de agosto de 2022 e non co mes de xaneiro de 2022, o que provoca un claro incumprimento do disposto nas bases da convocatoria.

Que o feito de que supostamente as persoas que pertencen á Escola Deportiva do CM Ferrol posúan licenza federativa e se beneficien así da cobertura do seguro non pode implicar que o número de persoas que se empregue nesta categoría exceda da data permitida nas bases da convocatoria. En consecuencia, aínda empregando os datos de persoas federadas como membros da Escola Deportiva debe terse como data o 31 de xaneiro de 2022.

Que de acordo co informe de licenzas publicado pola FEGAN correspondente ao mes de xaneiro de 2022 o número de persoas do CM Ferrol comprendidas entre as idades 2012 e posteriores ascenden a un total de 341 (72 menos dos presentados e contabilizados no Decreto). As bases establecen unha data referencial que debe ser empregada por todos os Clubs, xa que do contrario se produciría unha grave indefensión ao resto de entidades e un claro prexuízo nos intereses do noso Club.

1.- As bases recollen dúas formas de acreditar os alumnos, se se fai a través de licenzas ou ben a través do certificado de alumnos/as da escola:

- **"(...)1.- Nº de licenzas acreditadas a través dos certificados oficiais emitidos polas correspondentes federacións nos termos recollidos no Anexo.**
- **2.- Certificación** asinada polo presidente/a e secretario da entidade acerca do nº de alumnos/as escola. Para a valoración deste criterio tomarase en conta as persoas inscritas na Escola deportiva a 31 de xaneiro de 2022. Deberá presentarse acreditación documental do número de alumnos recollidos no certificado a través dun medio válido(...)"

Tal e como vemos, as bases non especifican o mes de emisión do certificado de licenzas, non así no caso dos certificados de alumnos, nos que xa o propio modelo, recolle a que ten que vir referido.

2.- O Club Marina manifesta na súa solicitude que alumnos/as referidos no seu certificado de licenzas forman **parte da súa escola, común a ambas modalidades (natación e waterpolo) (exactamente aqueles nados no ano 2011 e posteriores)** e solicita polo tanto unha distribución de eses alumnos/as entre a modalidade de waterpolo e natación.

3.- Pode considerarse que, pese a que sexa a través de certificado de licenzas e dado o o propio Club Marina Ferrol solicita que se lle contabilicen os alumnos/as do ano 2011 e posteriores como escola deportiva, debería rexer o mesmo criterio de acreditación que os alumnos/as da escola, é dicir, un certificado de licenzas de data 31/01/2022.

4.- Na páxina web da FEGAN, pode consultarse o informe de licenzas relativo o mes de Xaneiro de 2022 (https://www.fegan.org/fegan/tprd/2122/licenzas/202201_estendido.pdf) documento que pode empregarse para efectuar novamente os cálculos. (Anexo 2)

II.2.- ERROS ARITMÉTICOS NO CÁLCULO

No cadro do Decreto coa denominación "Estudo Marina Natación" atribúese na casiña do ano 2011 as 320 persoas que se adscriben á Escola Deportiva, cando da propia xustificación do CM Ferrol se desprende que debe incluírse na casiña correspondente ao ano 2012. Este feito podería ser un erro material sen importancia, pero neste suposto provoca que se multiplique este número por 2 na ponderación por idade e, en consecuencia, provoca un grave prexuízo ao resto de entidades que participamos no reparto.

Unha vez revisada a documentación, compróbase que é certo o posto de manifesto polo Club Natación Ferrol: imputáronse no ano 2011 en lugar do 2012 as 320 persoas no caso de natación e 93 no caso de waterpolo.

Compre a realización nos novos cálculos tendo en conta esta circunstancia.

III.3.- DETERMINACIÓN DO REPARTO PORCENTUAL DE ALUMNOS/AS ENTRE AS ESCOLAS DE NATACIÓN E WATERPOLO ASÍ COMO A DETERMINACIÓN DE ALUMNOS/AS DA ESCOLA QUE TEÑEN PARTICIPADO EN COMPETICIÓNS.

O Club Natación Ferrol pon de manifesto na súa alegación que o feito de repartir entre as modalidades de waterpolo e natación proporcionalmente as licenzas de nenos/as do 2011 e anteriores, "(...) preténdese beneficiar da tramitación persoas que claramente teñen unha licenza de deportistas na disciplina de natación e que, polo tanto, deben ser computados nesa disciplina concreta(...)"

1.- Con data 11/11/2022 a través de correo electrónico, efectúase a consulta o secretario da FEGAN acerca da idade mínima de tramitación das licenzas de wáter-polo, para corroborar a posibilidade ou non que ten o Club Marina Ferrol da tramitación das licenzas de escola dentro da modalidade de waterpolo. Recíbese a seguinte resposta: (consta mail no expediente como anexo a este informe.)

"(...) Las licencias, tanto de waterpolo como de natación o natación artística, se pueden hacer desde cualquier edad. No hay establecida una edad mínima.(...)"

2.- Consultados os informes de licenzas da na paxina web da FEGAN constatase que no informe de licenzas relativo o mes de outubro de 2022 (finalizado o prazo de acreditación e solicitude do procedemento obxecto das alegacións, o Club Marina Ferrol, federa na modalidade de waterpolo a nenos/as nados no ano 2012, 2013 e 2015, idades que imputou na solicitude a escola deportiva.

(https://www.fegan.org/fegan/tprd/2223/licenzas/202210_estendido.pdf) (anexo 3)

3.- Compre polo tanto, determinar que o feito de federar os nenos/as de "escola" na modalidade de natación non se corresponde a unha imposibilidade legal, senón a vontade da entidade de facelo nunha modalidade ou outra.

4.- Por outra banda, na convocatoria anterior, estimouse a solicitude do Club Marina de efectuar un reparto proporcional dos seus nenos/as de escola entre as dúas modalidades deportivas das que consta o club tal e como conta na lista provisional de admitidos e excluídos da convocatoria para o outorgamento de autorizacións para a utilización das instalacións deportivas e pistas escolares no Concello de Ferrol para a tempada 2019 – 2020 e 2020-2021 publicada con data 26/11/2019.

5.- Dado que por unha banda vemos en documentos recentes que o Club Marina Ferrol federa a nenos/as nados no ano 2015 na modalidade de Waterpolo e pola outra, existe un antecedente nunha convocatoria anterior de ter en conta o feito de ponderar alumnos entre as dúas modalidade, proponse efectuar unha medida parcial na presente convocatoria consistente na ponderación de alumnos/as con idades nas que non exista precedente de haber sido federados polo C Marina Ferrol, e dicir nenos/as nados no 2016 e posteriores.

Ademais, visto os feitos que se constatan neste expediente e tendo a certeza de non existe imposibilidade legal por parte da Federación Galega de Natación de que se federen nenos/as na modalidade de waterpolo a idades temperás; que non senso do procedemento se estuda de forma aislada ambas modalidades deportivas pese a que pertencen a mesma entidade e incluso se lle aplican porcentaxes de representatividade individualizadas:

Proponse que nas seguintes convocatorias o prorrateo deixe de ser aplicado, trasladando os datos tal cual figuren no correspondente certificado. Asimesmo proponse a aplicación da solución parcial anteriormente citada na presente convocatoria co fin de non perxudicar o C. Marina Ferrol.

III.4.- DETERMINACIÓN DE ALUMNOS/AS DA ESCOLA QUE TEÑEN PARTICIPADO EN COMPETICIÓNS.

O Club Natación Ferrol alega que existen nenos/as do ano 2012, que se ben son computados polo Club Marina Ferrol como escola deportiva , consta documentalente a súa participación en competicións para o cal aporta documentación acreditativa.

1.- Dado que na proposta de estimación parcial da alegación anterior do Club Natación Ferrol, se acepta non ter en conta na ponderación de escolas a nenos dos anos a 2012 – 2013 – 2014 e 2015, estes deixarana de computar como escola e non formaran parte do reparto entre modalidades, quedando así imputados a modalidade de natación polo que debe procederse a refacer os cálculos con éste criterio.

En base o recollido neste punto e no anteriores (II.1 e II.2) os cálculos do prorrateo de alumnos da escola quedan da seguinte maneira:

- Teranse en conta como escolas os alumnos do 2016 e posteriores. Os datos para o seu cálculo tomaranse do certificado da FEGAN de Xaneiro de 2022 para equiparalo o resto das entidades que presentaron certificado de data 31/01/2022.
- O resto dos datos de deportistas, tómanse dos certificados que a entidade presentou no momento da solicitude de igual modo que o resto das entidades.
- Establece o porcentaxe de deportistas nados nos anos 2015 e anteriores que pertencen a modalidade de waterpolo e a de natación.
- Aplícase ésta porcentaxe o total de alumnos da escola obtendo a parte proporcional correspondente a cada unha das modalidades deportivas

| | NATACION | | | | | WATERPOLO | | | | |
|--------|------------|------------|------------|------------|----|-----------|------------|-----------|------------------------------|---|
| | femeninas | masculinas | | | | femeninas | masculinas | | | |
| 2021 | | 2 | 2 | 151 | | | | 0 | certificado FEGAN enero 2022 | |
| 2020 | 2 | 3 | 5 | | | | | | | 0 |
| 2019 | 1 | 4 | 5 | | | | | | | 0 |
| 2018 | 18 | 17 | 35 | | | | | | | 0 |
| 2017 | 26 | 34 | 60 | | | | | | | 0 |
| 2016 | 21 | 23 | 44 | | | | | | | 0 |
| 2015 | 33 | 42 | 75 | | | | | | | 0 |
| 2014 | 27 | 32 | 59 | | | | | | | 0 |
| 2013 | 28 | 41 | 69 | | | | | | | 0 |
| 2012 | 14 | 17 | 31 | | | | | | | 0 |
| 2011 | 20 | 19 | 39 | | | | | 5 | | 5 |
| 2010 | 13 | 25 | 38 | | | | | 5 | | 5 |
| 2009 | 8 | 7 | 15 | | | | 1 | 3 | | 4 |
| 2008 | 3 | 8 | 11 | | | | 2 | 6 | | 8 |
| 2007 | 3 | 7 | 10 | | | | 1 | 7 | | 8 |
| 2006 | 1 | 1 | 2 | | | 3 | 1 | 4 | | |
| 2005 | 2 | 2 | 4 | | | 1 | | 1 | | |
| 2004 | | 3 | 3 | | | | | | | |
| 2003 | 1 | 1 | 2 | | | | 1 | 1 | | |
| 2002 | | 2 | 2 | | | | 2 | 2 | | |
| 2001 | 1 | 1 | 2 | | | | 1 | 1 | | |
| 2000 | 3 | | 3 | | | | 1 | 1 | | |
| 1999 | 2 | 1 | 3 | | | | | 0 | | |
| 1998 | | | 0 | | | | 1 | 1 | | |
| 1997 | | | 0 | | | | 1 | 1 | | |
| 1994 | | | 0 | 401 | 50 | | 2 | 2 | | |
| 1993 | | 1 | 1 | | | | | 0 | | |
| 1990 | 1 | 2 | 3 | | | | 1 | 1 | | |
| 1989 | 1 | | 1 | | | | | | | |
| 1988 | | | 0 | | | | 1 | 1 | | |
| 1986 | | | 0 | | | | 1 | 1 | | |
| 1985 | | | 0 | | | | 1 | 1 | | |
| 1984 | | | 0 | | | | 1 | 1 | | |
| 1981 | 1 | | 1 | | | | | 0 | | |
| 1980 | 1 | | 1 | | | | | 0 | | |
| 1979 | | 1 | 1 | | | | | 0 | | |
| 1978 | 1 | | 1 | | | | | 0 | | |
| 1977 | | 1 | 1 | | | | | 0 | | |
| 1974 | | 1 | 1 | | | | 1 | 1 | | |
| 1972 | 1 | | 1 | | | | | 0 | | |
| 1970 | 2 | | 2 | | | | | 0 | | |
| 1950 | 1 | | 1 | | | | | 0 | | |
| master | 9 | 9 | 18 | | | | | 0 | | |
| | 245 | 307 | 552 | 451 | | 8 | 42 | 50 | | |

| | | |
|-----------|-----------|------------|
| %usuarios | natacion | 88,9135255 |
| | waterpolo | 11,0864745 |

| | | |
|----------|-----------|-------------|
| usuarios | natacion | 134,2594235 |
| | waterpolo | 16,7405765 |

| | | |
|----------|-----------|-----|
| redondeo | natacion | 134 |
| | waterpolo | 17 |

II.5.- DISCREPANCIA CO NUMERO DE HORAS DE LÁMINA DE AUGA POSTO DE MANIFESTO POLO CLUB MARINA FERROL.

Este aspecto tratarase en maior profundidade en un apartado posterior a este informe.

III.- O CLUB TRIATLON FERROL con Escrito RE nº 2022055477do 14/10/2022 pon de manifesto:

III.1.- SOLICITA QUE SE LLE TEÑA EN CONTA AS LICENZAS RECOLLIDAS NO CERTIFICADO FETRI.

Ao Club Tríatlon Ferrol compútanselle un total de 85 licenzas. Pero non se tiveron en conta as licenzas que certifica FETRI, que son 55 licenzas. Por tanto, habería que computar a suma das dúas Federacións. Total: 140 Licenzas. 36 Femininas. 104 masculinas

O Club Tríatlon Ferrol non presentou durante o período de solicitude, nin en prazos de subsanación o certificado da FETRI o que fai referencia no seu escrito, polo que obviamente non se tivo en conta, nin ha lugar telo en consideración neste punto do procedemento.

III.2 – DISCREPANCIA COA APLICACIÓN DOS CRITERIOS PARA A DETERMINACIÓN DOS ALUMNOS DAS ESCOLAS DE NATACIÓN E WATERPOLO.

Ao Club Mariña Ferrol waterpolo compútanselle 93 licenzas da escola de waterpolo. Nos datos da Federación Galega de Natación, en diante FGN, as licenzas da escola son de natación, independentemente do que o Club Mariña alegue ou diga. Por tanto, esas licenzas haberá que computalas á sección de natación e non á de waterpolo.

Aspectos tratados xa nos puntos II.3 e II.4 do presente informe.

III.3.- SOLICITA QUE SÓ SE TEÑA EN CONTA PARA O CÓMPUTO DE ALUMNOS/AS DE ESCOLA AS LICENZAS EN IDADE ESCOLAR ASÍ COMO QUE NON SE PERMITA O NADO LIBRE.

Falamos de clubs de competición, por tanto, para o reparto de lámina de auga deben de contar as licenzas de escola, estas son as licenzas en idade escolar e as licenzas de deportistas de competición, non de baños libres.

Na presente convocatoria, o Club Marina Ferrol manifesto ao seguinte: "Que, na tempada 2021/2022, ningún usuario vencellado á entidade tivo a condición de non federado, pois todos os deportistas do Club Marina Ferrol tiveron tramitada licenzas federativas a través da federación galega de natación, con independencia de que competisen de forma efectiva ou non ."

O feito de que o club Marina decida tramitar a licenzas deportiva a todos os seus usuarios/as, dificulta en exceso a comprobación de se o extremo citado polo Club Tríatlon Ferrol respecto o nado libre é certo. Ademais non se aportan na alegación datos que poidan acreditar a veracidade de tal afirmación.

En relación a afirmación efectuada polo club Tríatlon relativa a, que para o reparto de lámina de auga deben de contar as licenzas de escola, estas son as licenzas en idade escolar e as licenzas de deportistas de competición, debemos ter en conta:

Para delimitar **a idade escolar**, podemos tomar como referencia o programa XOGADE que é o programa deportivo, formativo e competitivo da administración Autonómica para a Idade Escolar e que tal e como se define, abrangue as idade de 6 a 16 anos. Iso significa, deixar fóra do computo de usuarios a todos os nenos/as por debaixo de esta idade.

Esta acción implica a modificación dos usuarios/as recoñecidos a outras entidades tales como o Club Natación Ferrol, a cal recoñecemento os alumnos de bebés e de cursos de iniciación das idades que o Club Tríatlon Ferrol alega, non deberan estar recoñecidas e polo tanto non ter cabida para o uso da piscina Municipal.

Cabe destacar que no canto da ponderación por idade, xa tratouse de dar un peso diferenciado a esas idades que tanto por competencia municipal marcada na Lei galega do deporte, como porque sabemos que son as preponderantes na competición, se lles outorga o valor de 3 puntos, fronte por exemplo a aquelas con maior carácter recreativo (bebés ou persoas adultas) nas que o valor outorgado é de 1 punto.

III.4.- - DISCREPANCIAS DO CÓMPUTO DE HORAS NA PISCINA DE BATALLONES.

O Club Mariña fai un uso semanal da piscina de Batallóns de 130,5 horas. Non de 90 horas semanais como din.



O Club Marina presentou un convenio de uso da piscina de Batallóns asinado de data 21/12/2022 polo Coronel Xefe das instalacións deportivas da Armada que textualmente di:

"(...) Para este año 2021 se establece el horario general de 15:30 a 21:00, lunes a viernes, usando tres calles de forma exclusiva. Podrá usar una cuarta sujeta a disponibilidad según las necesidades de uso del personal militar, al que en todo momento se reservan tres calles, **por lo que no debe considerar esa cuarta calle a efectos de planeamiento de uso**, sino tan solo para aligerar la ratio en las tres asignadas cuando se den las circunstancias citadas. Los sábados se ceden dos calles de 10:00 a 14:00. Se fija un aforo máximo de 11 nadadores por calle(...)"

O propio convenio que outorga o dereito de uso o club Marina recolle expresamente que esta 4ª rúa non debe ser tida en conta a efectos de planeamento polo que non se debe terse en conta polo Concello no calculo das horas de dispoñibilidade de lámina de auga quedando o calculo do seguinte modo:

Calendario Instalacións Deportivas de Ferrol Año 2022

Jornada para CLUB MARINA:

Laborables de 15:30 a 21:00 horas.

Sábados y Jornada Intensiva de 10:00 a 14:00 horas.

Domingos y Festivos las Instalaciones permanecerán cerradas, normalmente las vísperas de festivo se adopta régimen intensivo

Régimen intensivo:

Del 27 de junio a 15 de julio, y del 1 al 14 de septiembre

Del 19 de diciembre 2022 al 10 de enero 2023.

(1) Del 15 de julio al 1 de septiembre sin actividad del Club Marina en Batallones.

(2) Para entrenamiento de equipos.

Horario do club Marina:

$3 \text{ rúas/día} \times 5,5 \text{ horas/día} \times 5 \text{ días /semana} = 82,50 \text{ horas de luns a venres}$

$2 \text{ rúas sábados} \times 4 \text{ horas} = 8 \text{ horas}$

Total horas semanais: 90,50 horas

Horario réxime intensivo:

$3 \text{ rúas} \times 4 \text{ horas/día} \times 5 \text{ días/semana} = 60 \text{ horas}$

Total de horas semanais: 60 horas

Certo é que omitiuse por erro no listado provisional a valoración do mes de xullo no que tal e como se recolle no convenio, permítselle o club Marina o uso da instalación no réxime intensivo.

Compre polo tanto efectuar novamente o calculo de horas de dispoñibilidade na piscina de batallóns tendo en conta a seguinte distribución:

Horario tempada:

- 1 o 14 de setembro: descontase as horas que dispón en batallóns (60 horas semanais)
- 14 setembro o 27 xuño: descontase as horas que dispón en batallóns (90,50 horas semanais)

Horario xullo:

- 1 o 15 de xullo: descontase as horas que dispón en batallóns (60 horas semanais)

- 15 o 31 xullo. Total dispoñibilidade de horas en Caranza.

IV.- O CLUB SINCRO FERROL con Escrito RE nº 2022055675 do 14/10/2022 pon de manifesto:

IV.1.- A entidade expón unha serie de cuestións técnicas para a practica da modalidade de Natación Artística e solicita que se teñan en conta "bases" da próxima licitación da concesión de xestión-explotación da piscina da Malata .

Considérase que non é obxecto do presente informe.

IV.2 - RIGOR NA COMPROBACIÓN DAS DECLARACIÓN RESPONSABLES.

A entidade expón que debería existir o mesmo rigor na comprobación das Declaracións responsables aportadas como o que se efectúa nos certificados de licenzas. *"As licenzas son expedidas pola Federación correspondente, despois de facer as comprobacións oportunas dos requisitos esixibles, e o abono da taxa/cota. (...)*

Por iso, as declaracións responsables permiten o recoñecemento ou exercicio inmediato dun dereito ou ben, ou o inicio dunha actividade dende o día da súa presentación, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que teñan atribuídas as Administracións Públicas . É polo tanto, a Administración Pública COMPETENTE NA MATERIA a que tería que comprobar, controlar e inspeccionar que as declaracións e certificacións son fehacientes. Reiterar polo tanto a alegación de que o modelo de cómputo (licencia vs. DR) sexa co mesmo rigor"

Considerase oportuno informar que este extremo xa foi tratado en convocatorias anteriores así como no procedemento levado a cabo de suxestións que a Concellería considerou necesario levar a cabo pra a elaboración das bases da presente convocatoria determinando que na presente convocatoria a forma de acreditación dos/das alumnos/as da escolas non federadas fora unha **certificación** e non declaración responsable acompañada de documentos que acreditasen as cantidades reflectidos nela. (**a póliza de accidentes** que cada entidade debe contratar e aportar no canto de actividade non federada. Esta póliza deberá concordar co numero de usuarios que a entidade pon de manifesto ter; **extracto de recibos de pago do alumnado** coa condición de non federado.

De esta forma o procedemento de control das Certificacións, asemellase o levado a cabo tal e como describe o alegante polas federación no caso dos certificados de licenzas deportivas.

IV.3.- XESTIÓN-EXPLOTACIÓN DA PISCINA DE BATALLONES e a da MALATA, PODENDO OS CLUBS TER POSIBILIDADE DE PODER ADESTRAR TAMÉN NELA.

Expón a entidade alegante que "(...) de sobras é coñecido que na cidade dispoñemos de outras piscinas, algunha de xestión privada e outra en chan municipal, polo que deberíamos optar o uso da mesma tódolos clubs que practicamos deporte en auga, aínda que non cumpra as condicións óptimas para a práctica da disciplina que o noso club realiza. Xa que consideramos que as categorías inferiores sí que poderían facer uso das mesmas(...)"

Neste punto cabe reiterar, posto que este extremo xa foi tratado tanto no expediente de suxestións coma en alegacións efectuadas no procedemento anterior de reparto da lamina de auga da piscina de Caranza :

Ningunha incidencia poden ter as instalacións deportivas referidas pola entidade alegante no presente expediente: unha das instalacións citadas ("Batallones") non pertence ao patrimonio municipal, polo que a súa xestión corresponde ao ente público que ostente a súa titularidade.

Por último, e no relativo a instalación deportiva situada no estadio da Malata, a mesma está suxeita a un réxime de xestión indirecta, como é público e notorio desde fai mas de 20 anos. Permanecendo a instalación suxeita a dito réxime, toda vez a imposibilidade de que cos recursos propios de este concello pódanse acometer a ampliación, reestruturación e modernización íntegra da instalación e mobiliario da mesma.

En definitiva, o presente expediente unicamente pode incidir en aqueles espazos de propiedade municipal e suxeitos a xestión directa."



Polo exposto proponse ao concelleiro delegado especial de Deportes (órgano competente para resolver en virtude de acordo da XGL de data 11/12/2023 – BOP núm. 241 de 20/12/2023) o seguinte:

Primeiro.- Estimar as seguintes alegacións:

- **Club Marina Ferrol**, no referente o proceso de recuperación de rúas compensadas, polo que no suposto de que a entidade a que se lle computou a dispoñibilidade de lamina de auga externa a instalacións municipal a perdesse por causa sobrevida durante o período obxecto de reparto, implicara que dito reparto calcularase coa representatividade que corresponda a dita entidade sen minoracións de horas.
- **Club Natación Ferrol**, no referente a alegación de incumprimento das bases por parte do Marina Ferrol; no referente os erros aritméticos detectados; relativo o reparto porcentual dos alumnos/as da escola de natación e waterpolo do Club Marina Ferrol así como a determinación de alumnos/as da escola que teñen participado en competicións.
- **Club Tríatlon Ferrol**, no referente a discrepancia coa aplicación dos criterios para a determinación dos alumnos/as das escolas de natación e waterpolo do Club Marina Ferrol.

